

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S  
**Corpo:** 590 - Profesores de ensino secundario  
**Especialidade:** 061 - Economía  
**Tribunal:** 1

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA**

*DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]*

Quendas L e D

Criterios comúns ás dúas partes:

- Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios desta especialidade docente.
- Valorarase a expresión gramatical correcta.
- Valorarase a ausencia de faltas de ortografía.

Criterios específicos da parte A (exercicios prácticos):

- Correcta resolución dos exercicios propostos.
- Xustificación técnica do exercicio:
  1. Explicacións precisas e concretas.
  2. Xustificación teórica e normativa, cando así proceda.
  3. Aclaracións sobre o proceso seguido.

- Aspectos formais:

1. Presentación e limpeza.
  2. Estrutura e organización.
  3. Vocabulario técnico.
- Interpretación razoada dos resultados obtidos.

Criterios específicos da parte B (tema teórico):

- Introducción e índice.
- Contidos específicos do tema elixido:
  1. Tratamento de todos os epígrafes do tema de forma equilibrada.
  2. Adecuación dos contidos do tema á lexislación vixente, no seu caso.
  3. Afondamento nos conceptos.

4. Organización lóxica e clara en cada punto.
5. Argumentación nos contidos e rigor científico.
6. Uso de referencias bibliográficas e de autores.
7. Relacionar os contidos coa actualidade económica.

- Conclusión e valoración.

- Bibliografía específica do tema de fontes diversas e actualizadas.

- Aspectos formais:

1. Presentación.
2. Estrutura e organización.
3. Vocabulario técnico.
4. Fluidez na redacción e correcta expresión escrita.

Superación da primeira proba:

- A cualificación de cada parte da primeira proba realizarase por separado, e a persoa aspirante debe obter polo menos o 25% do valor da puntuación total en cada unha delas.

- A ponderación da parte A é do 60% e da parte B é do 40% restante.

- Para superar esta primeira proba a persoa aspirante debe obter unha puntuación global igual ou superior aos cinco puntos.

- Cita as fontes, os recursos bibliográficos e lexislativos, de ser o caso.

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S

**Corpo:** 590 - Profesores de ensino secundario

**Especialidade:** 061 - Economía

**Tribunal:** 1

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA**

*DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]*

Quendas L e D

Criterios comúns ás dúas partes:

- Avaliaranse a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente:

1. Exposición clara e ordenada.
2. Seguridade e coherencia na exposición.

3. Uso correcto da linguaxe.

4. Fluidez no discurso.

Criterios específicos da parte A (presentación e defensa dunha programación didáctica):

- Adecuación aos requisitos establecidos na convocatoria en canto ao número mínimo de unidades didácticas, extensión máxima e formato (papel, tipo de letra, tamaño e entreliñado).
- Correspondencia co Anexo XI da orde 24 de febreiro de 2020 (DOG 13 de marzo).
- Claridade e control da exposición oral.
- Uso adecuado do guión e a normativa.

Criterios específicos da parte B (exposición oral dunha unidade didáctica ou dun tema do temario da oposición):

- Coherencia da unidade coa programación presentada.
- Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se inclúen na unidade didáctica e coherencia entre eles e coa normativa.
- Presenza para cada estándar de aprendizaxe avaliable en cada unidade didáctica de temporalización, mínimos e procedementos e instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía diversa e actividades relacionadas cos obxectivos e contidos.
- Abordar a totalidade dos elementos que compoñen a unidade didáctica.
- Tratar a atención á diversidade.
- Variedade de procedementos e instrumentos de avaliación establecendo unha clara diferenciación entre ambos e relacionándoos coa atención á diversidade e sendo coherente cos elementos do currículo. Diferenciar claramente como contribúe cada instrumento de avaliación á consecución da cualificación da unidade e da cualificación final dun hipotético alumno/a.
- Claridade, control e uso adecuado do guión na exposición oral.

Superación da segunda proba:

- A cualificación de cada parte da segunda proba realizarase globalmente.
- A ponderación da parte A é do 40% e da parte B, do 60% restante.
- Para superar esta segunda proba a persoa aspirante debe obter unha puntuación global igual ou superior aos cinco puntos.